

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 16 DE ABRIL DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da AC-444 entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 0+570 a prol do Concello de Negreira.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto de ordenación da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Decreto polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade Turística no sector turístico de Galicia, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros), e polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra de saneamento e depuración en Tállara. Lousame (A Coruña), por unha contía de seiscientos vinte e tres mil seiscientos nove euros con seis céntimos (623.609,06 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao Convenio, asinado o 11 de setembro de 2012, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de Madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil euros (30.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio, asinado o 19 de setembro de 2007, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para superar a porcentaxe establecida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e para adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención á primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Cheque Infantil, e se procede á súa convocatoria. Importe total: un millón oitocentos vinte mil novecientos corenta e un euros con oitenta céntimos (1.820.941,80 euros).
- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020 "Xuventude 2016".

---

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución do prezo do combustible en Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe 2013 de actividade de doazón e transplante de proxenitores hematopoéticos no Sergas.
- Informe sobre a realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo de ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área e na de médico de urxencias hospitalarias.
- Informe sobre a licitación do centro de saúde de Oia (Pontevedra).

## **A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE NEGREIRA UN TREITO DA ESTRADA AC-444 (NEGREIRA-PONTE FAÍLDE)**

- *O cambio de titularidade susténtase nas características urbanas que posúe o treito, ao estar localizado na avenida das Brañas*
- *O Concello de Negreira deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun resto antigo da estrada AC-444 (Negreira - Ponte Faílde) a prol do Concello de Negreira.

A solicitude do cambio de titularidade, realizada polo Concello, inclúe o treito localizado na avenida das Brañas, entre os puntos quilométricos 0+000 e o 0+570.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera axeitado este cambio de titularidade, dado que os máis de 500 metros transferidos adquiren características plenamente urbanas pola súa localización e tratamento.

Con esta aprobación o Concello de Negreira deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización de entrega, que terá lugar no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

### **Cambio de titularidade de estradas de Galicia**

Os cambios de titularidade das estradas están regulados na Lei de estradas de Galicia. De acordo con esta norma os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, a Lei de estradas de Galicia alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto o Concello de Negreira deberá modificar o seu Catálogo de estradas para incluír o treito da AC-444.







## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A INSPECCIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS**

- *As funcións de inspección, control, auditoría e avaliación realizaranse nos centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias de titularidade pública ou privada*
- *Darase unha cobertura legal axeitada e coherente coas necesidades actuais, reforzarase o papel da inspección e definirase claramente as súas funcións, competencias e procedemento de actuación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula a organización, funcionamento, ámbito e procedemento de actuación, funcións e competencias dos servizos de Inspección Sanitaria da Consellería de Sanidade.

As funcións de inspección, control, auditoría e avaliación realizaranse nos centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste senso, inclúe tamén os establecementos, servizos, unidades ou locais sen autorización sanitaria en que se poida estar a realizar algunha actividade relacionada con prestacións sanitarias ou actividades de carácter sanitario asistencial.

Ademais, engloba aqueles establecementos que acollan unha colección de mostras biolóxicas para fins diagnósticos ou de investigación biomédica e que estea organizada como unha unidade técnica con criterios de calidade, orde e destino, como poden ser os biobancos.

O marco da actuación dos servizos da Inspección Sanitaria en Galicia viña regulado polo Decreto 126/1992, do 14 de maio. En todo este tempo transcorrido, foron mudando en gran medida as condutas obxecto de inspección e control, a actividade sanitaria asistencial e os perfís e tipos de axentes que se deben inspeccionar.

### **Vantaxes**

Grazas a esta nova regulación darase unha cobertura legal axeitada e coherente coas necesidades actuais, reforzarase o papel da inspección e definiranse claramente as súas funcións, competencias e procedemento de actuación.

Deste xeito, ofrecerase resposta ás cuestións que se lle presentan á Inspección na súa actuación diaria, atendendo ás necesidades da cidadanía e garantindo que todas as actividades sanitarias de Galicia se desenvolvan en termos de máxima seguridade e protección dos pacientes e usuarios.





## O DECRETO DE ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL FARÁ MÁIS COMPETITIVO O MONTE PARA QUE O SECTOR POIDA PROVERSE DE MATERIA PRIMA DIFERENCIADA

- *Este decreto foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta e virá a substituír o réxime legal que se estaba a aplicar ata o de agora, baseado nunha orde do ano 1970*
- *Entre os seus obxectivos principais está o de asegurar un aproveitamento multifuncional e sustentable dos recursos a través dun conxunto de instrumentos adaptados á estrutura actual da propiedade forestal*
- *Aqueles propietarios ou xestores que queiran optar a axudas públicas no novo período Feader 2014-2020 deberán dotarse dun destes instrumentos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regula a estrutura e contidos dos instrumentos de ordenación e xestión forestal, co obxectivo de converter o monte galego nunha fonte competitiva para que o sector poida proverse de materia prima diferenciada. Así, a aplicación desta norma facilitará aos propietarios forestais acadar o certificado de xestión forestal sustentable, por calquera dos sistemas de certificación internacionalmente recoñecidos -PEFC ou FSC-.

Entre os principais obxectivos desta nova norma está o de asegurar un aproveitamento multifuncional e sustentable dos recursos, a través dun conxunto de instrumentos adaptados á estrutura actual da propiedade forestal, xa que o actual réxime legal en vigor en Galicia viña definido por unha orde do ano 1970.

Actualmente, todos os propietarios de montes en Galicia teñen a obriga de dotarse duns instrumentos de ordenación ou xestión forestal, posto que se trata dun requisito imprescindible para aproveitamentos forestais ou vendas de madeira de tipo comercial. Deste xeito, os montes públicos, aqueles declarados protectores ou de xestión pública, deberán dotarse dun proxecto de ordenación. Do mesmo xeito, deberán facelo todos aqueles territorios que superen as 25 hectáreas de superficie en couto (perímetro) redondo. Se a superficie é igual ou inferior ás 25 hectáreas, os propietarios ou xestores deberán facerse cun documento simple de xestión. Cando haxa varios propietarios que queiran xestionar de forma conxunta o seu monte sen perder a súa propiedade tamén deberán optar por un documento compartido de xestión.

Se a superficie é igual ou inferior ás 15 hectáreas poderán optar por un documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal xenéricos, postos en vigor mediante a orde da Consellería do Medio Rural e do Mar de publicación próxima.



Neste senso, e en aplicación da lexislación actual (Lei básica de montes), a partir do ano 2019 non se permitirán aproveitamentos forestais -incluídos cortas de madeira para uso comercial- a aqueles propietarios que non posúan os ditos instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

### **Beneficios fiscais**

Aqueles propietarios ou xestores que queiran optar a axudas públicas no novo período Feader 2014-2020 deberán dotarse dun destes instrumentos. De igual xeito, aqueles propietarios que dispoñan destes instrumentos terán uns beneficios fiscais (exentos do Imposto de bens inmobles e do cómputo como ingreso na base do Imposto sobre a renda das persoas físicas dos importes das subvencións públicas concedidas). Ademais, non necesitarán de ningunha autorización dos diferentes departamentos da Xunta para realizar as actuacións planificadas, bastará con notificalas, xa que para a súa aprobación administrativa se aplicará un criterio de portelo único (unha única solicitude).

Porén, aqueles que opten por un documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal -cando a superficie é igual ou inferior ás 15 hectáreas- si deberán pedir as oportunas autorizacións para poder realizar actuacións no territorio.





## **TURISMO DE GALICIA E O CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO ASINARÁN UN CONVENIO PARA A IMPLEMENTACIÓN, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MARCA Q DE CALIDADE TURÍSTICA NO SECTOR**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición deste acordo por importe de 200.000 euros , a través do cal o Clúster de Turismo de Galicia se compromete a asesorar para a implantación do distintivo de calidade en empresas turísticas inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas co obxectivo de acadar 25 novas auditorías externas para a consecución de novas Q de Calidade Turística*
- *O Clúster tamén se compromete a acadar o mantemento dos 208 establecementos que están nos procesos necesarios para manter a marca de Calidade Turística*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade Turística no sector turístico galego.

O acordo ten un importe de 200.000 euros e ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia para a implementación, difusión e promoción dos servizos turísticos de Galicia coa marca Q de Calidade Turística, a través do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, impulsa a calidade como factor de diferenciación das empresas turísticas e constitúe esta unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego.

O Clúster de Turismo de Galicia é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico galego e en virtude do acordo que se aprobou comprometerase a prestar asesoramento para a implantación da marca Q de Calidade Turística nas empresas turísticas galegas, así como a acadar 25 novas auditorías externas para a consecución de novas Q de Calidade Turística.

Ao mesmo tempo, o Clúster comprometerase a acadar o mantemento dos 208 establecementos que están nos procesos necesarios para manter a marca de Calidade Turística, así como á súa difusión incorporando a súa imaxe corporativa e publicidade xeral nos seus documentos promocionais xenéricos, así como mediante a distribución do distintivo Q aos establecementos que acaden a súa primeira certificación en 2014, así como aos que a manteñan.



Turismo de Galicia comprometerase a prestar apoio técnico e profesional nos protocolos de traballo, información e funcionamento que deseñe o Clúster de Turismo de Galicia para a implementación do sistema de calidade; así como a incorporar a marca nos seus documentos promocionais xenéricos e á inclusión dun espazo específico para os establecementos certificados co Q na edición do folleto *Calidade Turística de Galicia 2014*.

### **Calidade Turística en Galicia**

Galicia conta no balance de 2013 con 249 establecementos distinguidos con Q de Calidade Turística, sendo a segunda comunidade con máis distintivos do Estado. Ademais, a comunidade galega lidera o ranking de distintivos en segmentos como o turismo rural, o turismo termal, o turismo activo, o turismo industrial, as instalacións náutico-deportivas e o lecer nocturno. Ademais, Galicia conta con 5 destinos SICTED con 294 distinguidos en 2013.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 623.000 EUROS PARA A CONSTRUCIÓN DA NOVA DEPURADORA DE TÁLLARA, NO CONCELLO DE LOUSAME, QUE REPERCUTIRÁ NA MELLORA AMBIENTAL DA RÍA DE NOIA

- *A obra conta cun prazo de execución de 8 meses e 12 meses de explotación en fase de probas antes da súa entrega ao concello*
- *O río Tállara desemboca ao fondo da ría de Noia, polo que a súa mellora ambiental repercutirá positivamente no estado ecolóxico da ría*
- *Esta actuación está declarada de interese da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *O documento xa foi exposto ao trámite de información pública durante un prazo de 30 días e nese tempo non se recibiron alegacións ou reclamacións ao proxecto*
- *A depuradora terá capacidade para prestar servizo a máis de 800 habitantes*
- *Actualmente, a EDAR de Tállara, executada a principios dos anos 90, está obsoleta e non chega a cubrir as necesidades actuais, co que a vertedura ten un impacto significativo na calidade da auga do río.*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o financiamento por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, para a realización da obra de saneamento e depuración no lugar de Tállara, no concello coruñés de Lousame.

Esta actuación contará cun investimento de máis de 623.000 euros, cun prazo de execución de oito meses dende que empecen as obras. O contrato incluírá tamén 12 meses de explotación en fase de probas por parte da empresa, antes da súa entrega ao concello.

O proxecto define e valora as actuacións necesarias para a construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) neste municipio con capacidade para prestar servizo a 800 habitantes. Proxéctase tamén a demolición da depuradora actual e a execución dun colector que levará as augas residuais de Tállara á nova EDAR.

A nova infraestrutura contará con liña de auga que constará de debaste groxo e fino, tratamento primario, bombeo de paso a tratamento secundario, biolóxico de leite bacteriano e dixestor anaeróbico con recirculación a bombeo. Moverá un caudal medio de 2,2 litros/segundo e un máximo de 5,27 l/s. A liña de lodos consistirá no espesamento por gravidade. A vertedura da auga depurada farase ao río Tállara, que desemboca ao fondo da ría de Noia, polo a súa mellora ambiental repercutirá positivamente no estado ecolóxico da ría.

Actualmente, a EDAR de Tállara, executada a principios dos anos 90, está obsoleta e non chega a cubrir as necesidades actuais, co que a vertedura ten un impacto significativo na calidade da auga do río.



### **Antecedentes**

Esta obra está declarada de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2000, do 4 de novembro de augas de Galicia, posto que as ditas actuacións están recollidas no Plan hidrolóxico Galicia-Costa.

O proxecto foi elaborado pola Administración hidráulica de Galicia e foi supervisado pola Área de Programación e Seguimento de Augas de Galicia, no que se reflicten, entre outros aspectos, a xustificación da necesidade de actuación e as características da obra.

Estas accións que se van levar a cabo non necesitaron someter o proxecto a tramitación ambiental. Pola súa banda, o Concello de Lousame ten que aprobar o proxecto; achegar os terreos e a auga necesarios para levar a cabo as obras; e, tamén, deberá asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, ademais de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

O documento xa foi exposto ao trámite de información pública durante un prazo de 30 días e nese tempo non se recibiron alegacións ou reclamacións ao proxecto. Ademais, o documento é compatible co planeamento urbanístico vixente.





## **CULTURA E EDUCACIÓN REFORZA AS ENSINANZAS DA FP GALEGA EN CENTROS PÚBLICOS A TRAVÉS DA RENOVACIÓN DA COLABORACIÓN CON TRES FUNDACIÓNS**

- *Renovaranse un ano máis os convenios asinados coa Fundación Laboral de la Construcción, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia*
- *Os beneficiados serán alumnas e alumnos de ciclos formativos de Carpintería e Moble e de Radioterapia*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará para o vindeiro curso 2014/2015 a súa colaboración coa Fundación Laboral de la Construcción, coa Fundación de Exposición e Congresos da Estrada e coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia para a formación de alumnado de FP, coas cales asinarán as addendas correspondentes aos convenios, tras o visto e prace hoxe do Consello da Xunta. Desta forma a Consellería demostra unha vez máis o seu compromiso cunha FP galega de calidade, procurando a mellor formación práctica do seu alumnado. Neste sentido cómpre salientar que o espazo e equipamento destas fundacións permiten ao alumnado dos devanditos ciclos adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

### **Madeira, moble e cortiza**

A Consellería e a Fundación Laboral de la Construcción renovarán a súa colaboración para a formación de alumnado de Formación Profesional da familia de Madeira, moble e cortiza, tras o visto e prace do Consello da Xunta á sinatura dunha addenda ao convenio entre ambas as partes para tal fin.

Así, alumnas e alumnos do CIFP Politécnico de Lugo, en concreto do ciclo medio Carpintería e Moble poderán utilizar os espazos e o equipamento preciso, tal e como xa están a facer no curso actual. Os gastos específicos ordinarios de funcionamento serán asumidos pola consellería, que tamén achegará o persoal docente necesario.

Tamén en relación con esta familia da FP se renovará o convenio coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, para levar a cabo nas súas instalacións, de forma compartida co IES Antón Losada Diéguez, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Carpintería e Moble durante o curso 2014-2015.

### **Radioterapia**

No caso da Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, a colaboración será para que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de Sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña), en concreto o ciclo de grao superior de Radioterapia, poida desenvolver os módulos de Fundamentos



e técnica de tratamentos de teleterapia, e Fundamentos e técnica de braquiterapia nas instalacións da Fundación, que dispón das instalacións e do equipamento preciso para a impartición destes módulos. Así mesmo, a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia achegará o profesorado especialista necesario para a impartición destas ensinanzas.



## **A ORDE DO CHEQUE INFANTIL CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR UNHAS 1.100 PRAZAS DE 0-3 ANOS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria, que permitirá ás familias contar cunha axuda para acudir a calquera escola infantil privada que escollan*
- *Este ano a orde do curso 2014/15 contará cun orzamento superior en 400.000 euros ao do ano pasado*
- *A contía que van percibir os usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas*
- *Este ano vanse manter os prazos de presentación de solicitudes cos do ano pasado, co obxectivo de que as resolucións estean listas no mes de xullo*

A orde do cheque infantil estará dotada no curso 2014/15 cun orzamento de 1,8 millóns de euros. Con este investimento, poderanse financiar ata unhas 1.100 prazas de 0-3 anos en escolas infantís privadas destinadas a aquelas persoas que non resultaran adxudicatarias dunha praza pública, ou ben para aquelas familias que residen nunha localidade na que non existen instalacións sostidas con fondos públicos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria, que consolida o cambio iniciado na orde publicada en 2012. Desde ese curso os pais e nais poden elixir sen restricións o centro no que matriculan aos seus fillos, xa que son agora as familias as que perciben directamente esta contía a través dun bono mensual. Anteriormente os beneficiarios só podían acceder a unha praza nalgún das instalacións adscritas a este programa, posto que eran as propias escolas as que recibían a subvención.

Esta nova forma de aboamento da axuda permite ás familias conseguir unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado.

A contía que se percibe varía en función da renda, e oscila entre os 45 euros mensuais e os 250 euros no caso da xornada completa con comedor. Por esta razón, o número total de beneficiarios –que adoita ser de 1.000- pode variar en función de cal sexa a renda das familias que soliciten cada ano estas axudas.

Unha vez concedida, só se pode variar o tipo de servizo solicitado polas seguintes circunstancias, sempre que sexan xustificadas: pasar á situación de desemprego ou outros motivos laborais; enfermidade grave dos pais, nais ou representantes legais; ou situación de nulidade, separación ou divorcio.

No acceso ás axudas, seguirán tendo prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, se seguen cumprindo os requisitos da orde.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán pedir a axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que tiñan solicitado praza pública e non resultasen adxudicatarios, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando a solicitaron. Tamén terán dereito a esta subvención aquelas persoas que residan en localidade onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos.

Na orde enténdese como prazas sostidas con fondos públicos aquelas dependentes directamente da rede da Xunta, das corporacións locais ou ben aquelas de iniciativa social que son subvencionadas polo Goberno galego.

Este ano, vanse manter os mesmos prazos de presentación de solicitudes cos do ano pasado, co obxectivo de que se consoliden esas datas para que as familias poidan ter unha previsión dos prazos anuais da convocatoria e de que as resolucións estean listas no mes de xullo. O prazo de inscrición abrirase a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que se prevé para a próxima semana.

### **Aposta polas escolas infantís**

Esta orde de axudas complementa a orde de financiamento das escolas de iniciativa social que foi aprobada e publicada no DOG o pasado 6 de marzo. Esta convocatoria destina en 2014 máis de 3 millóns de euros para manter unhas 2.700 prazas en escolas infantís, ás cales agora se sumarán as que sexan financiadas polo cheque infantil.

A aposta polos centros de 0-3 anos reflíctese tamén no aumento da rede propia que leva realizando o Goberno galego nos últimos anos, e que ten marcado como obxectivo para esta lexislatura.

Ao longo da lexislatura anterior, creáronse 3.000 prazas en escolas infantís. A rede A Galiña Azul inclúe na súa oferta para o curso 2014/15 unha nova escola infantil de 82 prazas en Ferrol e 41 novas prazas na escola infantil da Laracha, que tras unhas obras de ampliación das 74 prazas actuais ás 115 o próximo curso.

Así, a oferta total da Xunta para o curso 2014/15 ascende a 8.750 prazas en 148 escolas infantís.





## **A XUNTA INVISTE PRETO DE 344 MILLÓNS DE EUROS PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES DE 450.000 MOZOS E MOZAS CON 11 EIXOS DE ACTUACIÓN**

- *A primeira Lei de xuventude de Galicia, aprobada na pasada lexislatura, garante a transversalidade das políticas dirixidas á mocidade a través de plans estratéxicos plurianuais de carácter vinculante*
- *Para a elaboración deste Plan estratéxico de xuventude Galicia 2014-2016 contouse coa colaboración dos propios mozos e mozas galegos, a través dun proceso de diálogo estruturado*
- *No referente ao emprego, esta estratexia vai da man do Plan de emprego xuvenil, que consta de 19 medidas, ten unha dotación económica de preto de 100 millóns de euros para 2014 e 2015 e poderá beneficiar a máis de 95.000 mozos e mozas nesas anualidades*
- *Nas medidas relacionadas co emprendemento destacan os proxectos empresariais no agro, que contarán cunha liña de axudas, para facilitar a incorporación á titularidade das explotacións agrarias de mozos e mozas, cun orzamento de 24 millóns*
- *As deducións fiscais en materia de vivenda e de creación e capitalización de empresas permitirán aforrar 34,5 millóns*
- *Os programas de educación non formal permitirán executar 1.393 proxectos de participación xuvenil e 7.850 mozos e mozas poderán mellorar a súa formación a través da mobilidade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan estratéxico de xuventude Galicia 2014-2016 que suporá un investimento de preto de 344 millóns de euros para dar resposta ás necesidades dos 450.000 mozos e mozas de Galicia, a través de 11 eixos de actuación, 48 obxectivos operativos e 240 medidas.

A Lei 6/2012, primeira Lei de xuventude de Galicia garante a transversalidade das políticas en materia de mocidade a través da aprobación deste instrumento de planificación, coordinado e integral, que afecta a todas as consellerías da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa dá continuidade ao Plan estratéxico de xuventude 2010-2013, con máis de 300 medidas executadas en materias como emprego, vivenda, educación, participación e mobilidade.

Para a elaboración do Plan estratéxico de xuventude Galicia 2014-2016 contouse coa colaboración dos propios mozos e mozas galegos, a través dun proceso de diálogo estruturado. Así mesmo, o borrador remitiuse aos concellos, entidades e asociacións xuvenís, escolas de tempo libre e aos 35.000 mozos e mozas da base de datos dos programas de xuventude.



En materia de educación, a Xunta garantirá, cun orzamento de 8,5 millóns de euros, un total de 3.741 bolsas destinadas a apoiar economicamente o alumnado que curse estudos no Sistema universitario de Galicia e 5.189 bolsas para axudar a complementar a formación no estranxeiro.

No referente ao emprego, esta estratexia vai da man do Plan de emprego xuvenil, que consta de 19 medidas, ten unha dotación económica de preto de 100 millóns de euros para 2014 e 2015 e poderá beneficiar a máis de 95.000 mozos e mozas nesas anualidades.

Ademais das actuacións recollidas no plan, o eixo de emprego tamén conta con outras medidas. Destacan aquelas destinadas a facilitar a realización de prácticas profesionais en diferentes organismos e departamentos da Administración, mediante a concesión de 319 bolsas cun investimento de 1,8 millóns de euros.

Así mesmo, existen outras 22 medidas relacionadas co emprendemento, entre as cales destacan as deducións fiscais vinculadas á creación ou á capitalización de empresas, que reducen nun 95% a base imponible dos tributos de doazóns e sucesións para a adquisición de diñeiro destinado á creación ou constitución de empresas ou negocios profesionais. Está previsto que nos tres anos da estratexia os mozos e mozas galegos aforren neste concepto 7,5 millóns de euros.

Os proxectos empresariais no agro contarán cunha liña de axudas, que consistirá en facilitar a incorporación á titularidade das explotacións agrarias de mozos e mozas. Conta cun orzamento de 24 millóns de euros, que está previsto que favorezan 1.200 novos agricultores e gandeiros.

### **Axudas en materia de vivenda**

No eixo da vivenda, que conta cun total de 7 medidas, as deducións fiscais permitirán que os mozos e mozas galegos paguen menos impostos para acceder a unha vivenda, tanto en réxime de aluguer como de propiedade. Os descontos afectan o IRPF e os impostos de doazóns, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. En total, realizaranse durante este período 10.075 rebaixas fiscais de media que aforrarán 27 millóns de euros aos mozos e mozas galegos.

Promover hábitos de vida saudables a través da prevención de condutas de risco e do fomento da práctica deportiva é o obxectivo do eixo de saúde e deporte, que conta con 26 medidas. Destacan aquelas incluídas no Plan de fomento da actividade física "Galicia Saudable", que incide no incremento da práctica deportiva nos centros escolares, que se desenvolverá en 31 colexios actuando sobre case 8.400 mozos e mozas. Tamén sobresaen os programas destinados á prevención de drogodependencias na poboación xuvenil, traballando sobre os factores de risco e reforzando os medios de protección.



### **Educación non formal e mobilidade**

En canto ás medidas da propia Dirección Xeral, os programas de educación non formal permitirán executar 1.393 proxectos de participación xuvenil. Deles, 592 proxectos e 1,5 millóns en Iniciativa Xove; 525 proxectos e 8,4 millóns de euros para proxectos locais de Xuventude e 276 de voluntariado xuvenil, con 1,3 millóns de euros.

Nos programas de mobilidade de Xuventude participarán 5.600 mozos e mozas no Erasmus +, 1.500 nos campos de traballo e 750 no Galeuropa.

Por último, un dos eixos de nova creación deste plan é o destinado a fomentar o uso do galego nos distintos ámbitos sociais e mellorar as competencias lingüísticas dos mozos e mozas, cun orzamento de 3,5 millóns de euros; e outro dos novos eixos céntrase na prevención da violencia de xénero entre os mozos e mozas e a sensibilización en materia de igualdade, cun orzamento de 7,6 millóns destinados ao financiamento de 6 medidas.



## **A XUNTA CONSTATA QUE GALICIA É A COMUNIDADE CO PREZO DO GASÓLEO ANTES DE IMPOSTOS MÁIS ALTO DA PENÍNSULA E ANALIZA O IMPACTO DA COMPETENCIA NO SECTOR**

- *O prezo medio do litro de gasóleo de automoción sen tributos é 1,8 céntimos maior que a media española*
- *Un informe presentado pola conselleira de Facenda mostra que o gasóleo en Galicia antes de impostos é o máis caro da Península a pesar de que a tributación é a mesma que en preto do 85% do territorio*
- *O prezo medio do gasóleo sen impostos ao peche de 2013 en Galicia era 1,4 céntimos maior que en decembro de 2012, a maior suba de toda España*
- *Se non se aplicase ningún imposto ao combustible en España, Galicia tería igualmente o prezo do gasóleo máis elevado a pesar de contar cunha das oito refinerías existentes*
- *Das 6 provincias españolas co gasóleo máis caro antes de impostos, 4 son as galegas*
- *O Consello Galego de Competencia detecta problemas de concentración, xa que son as estacións de servizo independentes e de hipermercados as que ofrecen prezos máis baixos, e a súa porcentaxe de implantación en Galicia é inferior á media*
- *A Xunta presentará nas vindeiras semanas un paquete de medidas para elevar a competencia no mercado retalista e rebaixar os prezos de venda*

O Consello Galego da Competencia está a analizar o impacto da competencia no sector da venda retalista de combustibles de automoción, logo de constatar que Galicia é a comunidade autónoma que ten o prezo do gasóleo antes de impostos máis elevado de toda a Península, segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

O prezo medio do gasóleo de automoción sen tributos en Galicia situouse no mes de febreiro en 75,4 céntimos/litro, o que supón 1,8 céntimos máis que a media española. Así, o informe presentado hoxe pola Consellería de Facenda mostra que Galicia ten o prezo do gasóleo sen impostos máis alto de España, a pesar de que a tributación na Comunidade galega é a mesma que se aplica en preto do 85% do territorio español.

Galicia equiparou dende o 1 de xaneiro de 2014 o tramo autonómico do imposto de hidrocarburos á maioría das comunidades autónomas. Non obstante, os datos oficiais indican que, se non se aplicase ningún imposto ao combustible en España, Galicia tería igualmente o prezo do gasóleo máis elevado de toda a Península.

Ademais, a Comunidade galega xa era en decembro de 2013 a autonomía co gasóleo máis caro de España. Ao peche do exercicio 2013 o prezo medio do litro de gasóleo





antes de impostos era 1,4 céntimos máis caro que en decembro de 2012, a maior suba de toda España e o dobre que a media española (0,6 céntimos) neste período.

O prezo medio do gasóleo antes de impostos en Galicia é de 75,4 céntimos/litro, o máis alto entre todas as comunidades peninsulares e un 2,4% por riba da media española, a pesar de que Galicia conta cunha das oito refinerías operativas na Península.

O informe mostra tamén que esta situación está a afectar ao conxunto da Comunidade galega. Entre as seis provincias españolas co prezo do litro de gasóleo sen tributación máis alto, están as catro provincias galegas. E Ourense é a provincia peninsular co gasóleo de automoción máis caro de toda España.

Estas diferenzas entre comunidades tradúcese nun maior gasto por parte dos fogares galegos en comparación con outras autonomías. Por exemplo, o prezo medio do gasóleo en Cataluña é 5 céntimos menor que en Galicia, a pesar de que ambas comunidades aplican a mesma tributación sobre o combustible. Isto provoca que un consumidor catalán que enche un depósito de 50 litros catro veces ao mes paga nun ano 120 euros menos que un consumidor galego.

### **Concentración**

O Consello Galego da Competencia xa abriu un expediente hai dous anos en Galicia por posible pacto de prezos no sector. Posteriormente, a Comisión Nacional de Competencia integrou ese expediente nunha investigación de ámbito estatal. De feito, a CNC incoou expediente contra seis compañías o 29 de xullo de 2013, en el está integrado o expediente aberto na Comunidade galega.

Agora, esta situación está a ser analizada de novo polo Consello Galego da Competencia, que nunhas conclusións preliminares detectou problemas de concentración no mercado de distribución minorista. É por iso que o descenso do prezo do combustible pasa necesariamente por elevar os niveis de competencia no mercado.

Segundo os últimos datos dispoñibles, Galicia rexistra unha porcentaxe de estacións de servizo independentes inferior á media española, que é do 17%. Precisamente, son estes os establecementos que máis compiten en prezos, ata un 4% máis baratos que as grandes operadoras do sector.

Ademais, todas as provincias galegas rexistran unha presenza de estacións de servizo 'low cost' (situadas habitualmente en centros comerciais) inferior á media española. De feito, nas catro provincias de Cataluña case o 100% dos grandes centros comerciais conta con establecementos deste tipo, o que está a reducir os prezos de venda.



Unha vez que o Consello Galego da Competencia conclúa a análise que está a realizar, achegaranse unha serie de medidas para elevar a competencia no sector e favorecer así unha baixada de prezos.



## **SANIDADE FAI UN CHAMAMENTO AOS GALEGOS PARA QUE SE FAGAN DOADORES DE MÉDULA ÓSEA**

- *O Servizo Galego de Saúde e a Fundación Josep Carreras poñen á disposición da cidadanía galega unha web para facilitar os trámites de rexistro aos potenciais doadores*

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade referido á actividade de doazón e transplante de proxenitores hematopoéticos no Sergas no ano 2013. Para tal efecto, a consellería fai un chamamento á cidadanía galega para que se faga doador de medula ósea.

Aínda que Galicia mantén o seu liderado en doazón de sangue e tecidos, cómpre subliñar que do total de persoas inscritas na Rede Española de Doadores de Medula Ósea (Redmo), que en 31 de decembro eran un total de 132.235 cidadáns, o 2,3% deles pertencen á nosa comunidade autónoma (3.160).

### **Facilitar os trámites do rexistro**

Diante destas cifras, e para incentivar o fomento da doazón de medula ósea entre os galegos, o Sergas e a Fundación Josep Carreras poñen á disposición da cidadanía unha páxina web de autoinclusión no programa de doazón <http://galicia.medulaosea.org>, para, deste xeito, facilitar os trámites de rexistro aos potenciais doadores.

Así, aquelas persoas que desexen converterse en doadores de medula ósea poderán eles mesmos apuntarse para que, posteriormente, se lles faga a entrevista por parte dos profesionais sanitarios. Con anterioridade, o proceso de inclusión era ou ben chamando ao Centro de Transfusión de Galicia ou directamente á Rede Española de Doadores (Redmo).

Sinalar, por último, que poden ser doadores de medula ósea as persoas de 18 a 55 anos que non padezan ningunha enfermidade que poidan ser transmitida ou pór en perigo a súa vida polo feito da doazón.



## MÁIS DE 1.600 ASPIRANTES PRESENTADOS NOS EXAMES DA OPOSICIÓN DO SERGAS EN 35 ESPECIALIDADES MÉDICAS

- *Na especialidade de Nefroloxía desprazouse ao CHUO unha delegación do tribunal para facilitar a realización do exame a unha aspirante ingresada por embarazo*
- *Por primeira vez en Galicia, a elaboración dos exames desenvolveuse nunha plataforma virtual securizada, en contorno web con acceso mediante certificado dixital*

O Servizo Galego de Saúde rematou a realización dos exames da fase de oposición do proceso selectivo convocado en trinta e catro especialidades da categoría de facultativo especialista e médico de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. Dos 2.116 aspirantes admitidos, presentáronse á realización dos exames da fase de oposición 1.667, o que representa unha porcentaxe do 79% sobre os aspirantes admitidos.

Ás probas estaban convocados 2.116 aspirantes admitidos, dos cales 2.050 se presentan pola quenda libre, 58 pola de promoción interna, e 8 pola de discapacitados.

Os días 5, 6, 12 e 13 de abril de 2014 realizáronse na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela os exames da fase de oposición do proceso selectivo convocado cun total de 176 prazas en trinta e catro especialidades de facultativos especialistas de área e de médico de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo -en cumprimento das previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes- realizouse un exame a unha opositora xestante que se atopaba ingresada por esta causa no Complexo Hospitalario de Ourense e que se presentaba á categoría de Nefroloxía.

### **Novidades: primeira OPE a través da Oficina Virtual do Profesional**

Trátase do primeiro proceso selectivo no ámbito do Servizo Galego de Saúde no cal a inscrición dos aspirantes, a verificación do cumprimento dos requisitos de participación, e a baremación de méritos se formaliza a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES-Expedient-e).

Así mesmo, a fase de elaboración dos exames en que se concreta a fase de oposición desenvólvese por primeira vez, na Comunidade Autónoma de Galicia, nunha plataforma virtual securizada en contorno web con acceso mediante certificación dixital. Adoptáronse, entre outras, garantías como a identificación dos roles dos membros de





tribunais e colaboradores, con diferentes niveis de acceso á información; rastrexabilidade de todo o proceso; confidencialidade do proceso de elaboración das preguntas; selección dos exames aleatoria e automatizada sobre unha batería de preguntas; imposibilidade de xerar ningún documento electrónico ata a impresión final do exercicio; e a impresión e custodia dos exames en sala securizada.

### **Contido dos exames**

A fase de oposición consistiu na realización de tres exames tipo test con respostas alternativas, cunha duración global de 210 minutos.

O primeiro exercicio, obrigatorio e non eliminatorio, consistiu na contestación por escrito dun cuestionario de 10 preguntas, máis 2 preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa, nun tempo máximo de 15 minutos.

O segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, que consistiu na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre o contido da parte específica do programa, nun tempo máximo de 180 minutos.

Terceiro exercicio, obrigatorio e non eliminatorio, que consistiu na contestación por escrito dun cuestionario de 10 preguntas, máis 2 preguntas de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega, nun prazo máximo de 15 minutos.

Da realización do exame da parte común quedaron exentos os aspirantes admitidos pola quenda de promoción interna, e do de idioma galego quen acreditou estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento ou equivalente

As probas desenvolvéronse con total normalidade e non se rexistraron incidencias na realización dos diferentes exames.

O seguinte paso concrétase na corrección dos exames por cada un dos tribunais constituídos para o efecto.

O Sergas agradece a todos os membros do tribunal a súa participación que garante, unha vez máis, a selección dos mellores profesionais para incorporarse ao cadro de persoal do Sergas e seguir así mantendo os mellores equipos.



## **O SERGAS DESTINARÁ MÁIS DE UN MILLÓN DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE SANTA MARÍA DE OIA**

- *A súa superficie construída será de preto de 700 m<sup>2</sup>*
- *O seu prazo previsto de execución é de 12 meses*

O Servizo Galego de Saúde vai destinar máis dun millón de euros á execución da obra de construción do centro de saúde de Santa María de Oia, en Pontevedra, nunha parcela cedida polo Concello.

Esta obra enmárcase no programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e o seu prazo previsto de execución é de 12 meses.

O centro de saúde contará cun área médica con dúas consultas de medicina xeral, dúas consultas de enfermaría e unha sala da muller.

Ademais, terá unha consulta polivalente, unha consulta de pediatría e unha área de administración cun arquivo, almacéns e outros servizos comúns.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega atenderá unha poboación de preto de 2.200 persoas e suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

